

INSTRUCCIÓN Nº 1/2021

APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, AOS GDRS POLA SÚA CONDICIÓN DE PODERES ADXUDICADORES QUE NON TEÑEN A CONDICIÓN DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (PANAP)

MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020

O punto 5 do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 13 de decembro de 2019 polo que se aprobaron as bases reguladoras faculta á persoa titular da Dirección Xeral da Agader para ditar os actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento do citado Acordo, que no anexo I contén o texto refundido das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Por outra parte, a resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia do PDR 2014-2020 (DOG núm.42 do 2 de marzo de 2016), define aos Grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades de natureza asociativa sen ánimo de lucro, tamén coñecidos como grupos de acción local (GAL), integradas por un conxunto de socios públicos e privados locais dun territorio rural determinado e que deseña e aplique unha estratexia de desenvolvemento local para o desenvolvemento do seu territorio.

Por outra parte, o programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) aprobado pola Comisión Europea por Decisión C (2015) 8144, do 18 de novembro, preveu un sistema de xestión do Leader en que os GDR seleccionados teñen respecto da Agader unha dobre condición:

a) Por unha parte, os GDRs seleccionados son entidades colaboradoras nos termos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). Neste senso, actúan en nome e por conta da Agader na xestión das subvencións que vaian percibir os beneficiarios da submedida 19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo».

b) Por outra banda, os GDRs teñen a condición de beneficiarios de subvención nos termos previstos no artigo 8 da LSG respecto dos fondos públicos vinculados ás submedidas 19.1: «apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local », 19.4.A: «custos correntes da estratexia de desenvolvemento local» e 19.4.B: «animación e promoción territorial».



En relación coa submedida 19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo», os GDR tamén poderán ser beneficiarios de subvención para un tipo específico de proxectos: os de formación, referidos a proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea.

O 9 de novembro de 2017 publícase a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE núm 272, do 9 de novembro de 2017). Esta norma está vixente no ordenamento xurídico español dende o 9 de marzo de 2018.

O artigo 3 da citada Lei 9/2017, define o ámbito subxectivo de aplicación, definíndose no seu apartado 3 o que se consideran, aos efectos desta lei, poderes adxudicadores.

En concreto sinala:

- a) As Administracións Públicas.
- b) As fundacións públicas.
- c) As Mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.
- d) Todas as demais entidades con personalidade xurídica propia distintas das expresadas nas letras anteriores que fosen creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios deste apartado 3, ben financien maioritariamente a súa actividade; ben controlen a súa xestión; ou ben nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

Neste senso, cómpre clarear que os GDRs seleccionados para levar a cabo unha estratexia de desenvolvemento rural nos seus respectivos territorios con cargo á medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 son entidades con personalidade xurídica propia (forma xurídica de asociación) e creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral. En concreto, a medida Leader, consubstancial aos GDRS, ten como obxectivo principal neste período de programación 2014-2020 (área focal 6b) fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico das zonas rurais, facendo especial fincapé en promover o desenvolvemento local nas zonas rurais. Ademais, os fins dos GDRs refírense precisamente a fomentar o desenvolvemento rural do seu territorio de actuación, dende unha perspectiva integral do mesmo.



Por outra banda, a Xunta de Galicia, a través da xestión do PDR de Galicia 2014-2020, financia maioritariamente a actividade dos GDRS, reembolsando o 100% dos seus gastos da axuda preparatoria, dos gastos de funcionamento e de animación e promoción da estratexia e do territorio de actuación, dos proxectos de formación promovidos polos GDRs para incrementar a empregabilidade da poboación do seu territorio. Ademais, financia con ata o 90% os gastos derivados dos proxectos de cooperación leader.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, resulta de aplicación aos GDRs a normativa referida aos poderes adjudicadores que non teñen a consideración de Administración Pública (PANAPS), recollida na citada Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A este respecto, para os efectos de operar a través do sistema establecido para a contratación por parte de PANAPS, os GDRs deberán cumprimentar unha serie de requisitos:

- Darse de alta na plataforma de contratos de Galicia (www.contratosdegalicia.es) onde deberán publicar a súa actividade contractual nos termos do art. 63 LCSP.
- Darse de alta, para os efectos de licitar de forma electrónica os seus contratos, a través da plataforma da Xunta de Galicia chamada SILEX https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/

Respecto aos contratos menores (obras de valor estimado inferior a 40.000 euros, e subministros e servizos inferiores a 15.000 euros), deben solicitarse tres ofertas conforme o artigo 10 bases reguladoras, e cumprir os requisitos do art. 118.3 LCPS (aprobación do gasto e incorporación da factura), podendo adjudicarse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. Ademais, segundo o art. 29.8 LCSP, non poderán ter unha duración superior a 1 ano nin ser obxecto de prórroga. Respecto ás obrigas de publicidade, de acordo co art. 63.4 LCSP, deberá publicarse no perfil do contratante a información relativa aos contratos polo menos trimestralmente, indicando o seu obxecto, duración importe de adjudicación, IVE incluído, e identidade do adjudicatario.

Para a tramitación dos contratos que superen o limiar dos menores, pero o seu valor estimado sexa inferior a 5.350.000 euros (obras), e inferior a 214.000 (subministracións e servizos), tal e como prevé o art. 318 LCSP, poderán adjudicarse por calquera dos procedementos previstos para as Administracións Públicas na Sección 2ª, Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP. En particular, se o valor estimado no caso de obras é inferior a 80.000 euros, e de menos de



60.000 euros no caso de subministracións e servizos (excepto as prestacións de carácter intelectual), poderá utilizarse o procedemento abreviado simplificado sumario, que aínda que exige a elaboración de pregos para a súa licitación, resulta moi áxil na súa tramitación totalmente electrónica (a través de SILEX), tanto pola redución dos prazos como por prescindir de requisitos como acreditar a solvencia ou garantías, debendo aplicarse fórmulas automáticas para a valoración das ofertas (ver. Art. 159.6 LCSP). En todo caso, segundo o art. 63 LCSP, deberá publicarse no perfil do contratante toda a información e documentos relativos a estes contratos (anuncio, pregos, resolución de adjudicación, etc).

Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta instrución será publicada na web da Agader e notificada electrónicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Todas as normas contidas nesta instrución serán aplicables a partir do día da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de AGADER

(Asinado electrónicamente)

Inés Santé Riveira

